



VALDOÑO

ANUNCIO

Expte. 2025/E001/000001

CREACIÓN DUNHA LISTA DE ASPIRANTES A FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PRAZAS DE TECNICO/A DE IGUALDADE, MEDIANTE O SISTEMA DE LIBRE-OPOSICIÓN.

Por decreto de Alcaldía núm. 180/2025 de data 24.04.2025, resolveuse a admisión e exclusión de aspirantes na contratación antedita, e o prazo para emenda das deficiencias das solicitudes; sendo o contido literal do decreto o seguinte:

“DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

Expte.- 2025/E001/000001

ASUNTO: CREACIÓN LISTAXE ASPIRANTES PARA FUTURAS COBERTURAS COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PRAZAS DE TECNICO/A DE IGUALDADE, MEDIANTE O SISTEMA DE LIBRE OPOSICIÓN

Vista a resolución de alcaldía número 121/2025 de data 21 de marzo de 2025 publicada no BOP da provincia da Coruña nº 58 en data 26 de marzo de 2025 e posterior modificación por resolución de alcaldía número 138 de data 31 de marzo de 2025 e publicada no BOP nº 64 en data 3 de abril de 2025; que aproba as bases reguladoras para a creación dunha lista de aspirantes para futuras coberturas como funcionario/a interino/a de prazas de técnico/a de igualdade, mediante o sistema de libre oposición no Concello de Valdoño.

Tendo rematado o prazo de presentación de solicitudes de quince días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia.

Visto na base sexta da convocatoria que establece que rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano competente do Concello ditará resolución, aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos.

Que figurará a relación de aspirantes excluídos con indicación da causa de exclusión e prazo de subsanación de defectos que se concede aos mesmos.

A resolución deste procedemento corresponde pois a esta Alcaldía en atención ao disposto no art. 21 da Lei 7/85 de 2 de Abril reguladora das bases de Réxime Local,

RESOLVER

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de candidatas/os admitidas/os e excluídas/os ás probas selectivas de técnico/a de igualdade por libre oposición para futuras coberturas.

LISTAXE DE ADMITIDOS			
	Apelidos	Nome	DNI
1	García Mallo	Irene	***4325**
2	Leirachá Pita	Margarida	***8381**
3	Purriños Carballeira	Nerea	***0403**
4	Sanjurjo Rodríguez	M ^a Belén	***9872**
5	Sandeses Pérez	Mar	***0613**

LISTAXE DE EXCLUÍDOS				
	APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	Cabaleiro García	Ana María	***7455* *	1
2	Pérez Dávila	Amara	***1705* *	2
3	García López	Angela	***1541* *	3

1.- Non queda acreditado que a formación fora convocada impartida ou homologada por unha Administración Pública e organismos do sector público; o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); a Escola Galega de Administración Pública (EGAP); institucións de formación similares do Estado ou Comunidades Autónomas; organizacións sindicais ou outros axentes promotores dentro do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), Universidades e Colexios Profesionais.

2.- Non acredita a Titulación universitaria de Diplomatura ou Grao de Educación Social e ter formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero (mínimo 500 horas) ou ter Grao de Igualdade de Xénero.

3.- Non acredita as 500 horas mínimas de formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero.

Segundo.- Conceder aos aspirantes excluídos, un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución na web para subsanar as deficiencias sinaladas.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na web municipal con acceso dende www.concellodevaldovino.com.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE/”

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.

O alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández.